



Acta da Xunta de Goberno do Colexio Provincial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de A Coruña de data 22 de xaneiro de 2.013.

No local social do Colexio de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local , sito no Cantón Grande nº 6 da cidade de A Coruña, sendo as dezasete horas (17:00), do día 22 de xaneiro de 2013 , reúnense os membros da Xunta de Goberno, que foron convocados en debida forma para esta sesión. Asisten os seguintes:

Presidente: José Antonio Rueda de Valenzuela

Vicepresidenta: María Cruz Andrade García

Interventor: Manuel Roel Hernández-Serrano

Tesoureiro: Marcial Rodríguez Toajas

Secretaria: Rosa Ana Prada Queipo

Vogais José Ramón Alonso Fernández, Constantino Cobas Cotelo, Vicente Calvo del Castillo, Virginia Fraga Díaz, José María Vázquez Pita, Pilar Canzobre Méndez, José Antonio Gómez Pedreira, Constantino Cobas Cotelo.

Punto Primeiro.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dona Virginia Fraga Díaz solicita en relación á aprobación da acta anterior, que consten en acta os argumentos polos que a súa candidatura solicitou formar parte dos órganos da Xunta de Goberno e dona María Cruz Andrade, pola súa banda, solicita que conste en acta o ofrecemento que fixo a súa candidatura en relación á representación da outra candidatura.

Ambas alegacións son tidas en conta pola secretaria.

Punto Segundo: Expediente disciplinario Interventor de Viveiro.

Tras a reunión mantida con carácter previo á presente sesión da Xunta de Goberno Local, polo presidente don José Antonio Rueda de Valenzuela e o habilitado don Fidel García Martull, e á vista de que non resulta preciso a adopción de ningún acordo sobre este asunto por parte desta Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros presentes este asunto se retira da orde do día

Punto Terceiro.- Concurso Ordinario para a provisión da praza de Secretaría-Intervención do Concello de Barreiros.

O presidente da conta de que á petición dun compañeiro foron solicitadas ao Concello de Barreiros as bases da convocatoria do concurso ordinario do referido concello e que examinadas as mesmas non se atopa motivo de oposición por parte deste Colexio, xa que se ben as bases valoran a experiencia en concellos de Costa, dadas as peculiaridades de dito concello dita valoración se considera axustada á dereito.

En todo caso, explicita o presidente, das referidas bases deuse traslado ao solicitante.



A Xunta de Goberno, queda enterada da solicitude presentada, das xestións realizadas e do contido das bases e á vista da conclusión de que son consideradas axustadas á dereito non se considera preciso a adopción de ningún acordo en relación ás mesmas.

Punto Cuarto.- Procedemento de provisión, polo sistema de libre designación, da praza de Secretaría Xeral da Deputación de Lugo.

Neste punto da orde do día, dáse conta de que convocado o procedemento para a provisión por libre designación da Secretaría Xeral da Deputación de Lugo, as bases da convocatoria recollen a posibilidade de que a presidencia discrecionalmente declare deserta a praza, a pesares de presentarse solicitudes que reúnan os requisitos.

Examinado este aspecto concreto das bases da convocatoria, conclúese que non resulta axustado á dereito que se existen solicitudes e reúnen os requisitos, poda declararse vacante a convocatoria pola presidencia.

Se acorda unanimemente que polo señor presidente recórrase en reposición esta convocatoria polo argumento exposto.

Punto Quinto.- Estudo da proposta do Colexio de Pontevedra en relación á modificación do réxime disciplinario dos FHE.

En relación a este punto acordase unanimemente que a redacción orixinaria sexa substituída da forma que a continuación se indica:

Redacción orixinaria

- Os instrutores e secretarios nos expedientes disciplinarios a habilitados só poderán nomearse entre funcionarios do Corpo de Letrados da Xunta de Galicia.
- A designación, en concreto para cada caso, efectuarase de acordo co rigoroso orde que lle corresponderá nunha lista previa elaborada ao efecto.
- Deberá garantirse a participación na súa confección dos colexio profesionais de Galicia de habilitados estatais.
- Deberá garantirse a publicidade e a máxima difusión das listas que se formen.

Redacción que substitúe a redacción orixinaria

- Os instrutores e secretarios/as nos expedientes disciplinarios incoados a funcionarios con habilitación de carácter estatal nomearanse preferentemente entre funcionarios pertencentes ao mesmo corpo, propostos polo Colexio provincial en cuxo ámbito territorial se atope o concello no que presta os seus servizos o/a funcionario/a expedientado/a.



- A estes efectos o órgano competente para a incoación do expediente dirixirase ao Colexio territorial indicado solicitándolle unha proposta de designación de instrutor/a e secretario/a do expediente disciplinario do que se trate.
- O Colexio correspondente remitira a proposta ao órgano competente, no prazo de 10 días naturais dende a recepción da solicitude.
- No caso de que o Colexio non remitira a proposta no prazo indicado, ou dentro do mesmo xa manifestara a súa intención de non facer proposta ao efecto, os instrutores e secretarios nomearase entre funcionarios do Corpo de Letrados da Xunta de Galicia.
- A designación, en concreto para cada caso, dos funcionarios do Corpo de Letrados da Xunta de Galicia efectuarase de acordo co rigoroso orde que lle corresponderá nunha lista previa elaborada ao efecto.
- Na confección da citada lista, deberá garantirse a participación dos colexio profesionais de Galicia de habilitados estatais.
- Igualmente deberá garantirse a publicidade e a máxima difusión das listas que se formen ao efecto.

Punto Sexto.- Posible participación do Colexio na Convocatoria de programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2013.

Por unanimidade acordarse facultar ao presidente da Xunta de Goberno, don José Antonio Rueda de Valenzuela para que cun límite de 3.000 euros de gasto poda acollerse a convocatoria de programas dirixidos ás entidades para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2013 e para algunha das seguintes finalidades:

Creación dunha páxina web do colexio.
Compra dun servizo de megafonía e gravación.
Renovación do sistema eléctrico do colexio.

O vogal, don Vicente Calvo del Castillo, solicita expresamente que se abonen as cotas pendentes ao Colexio Nacional. A vista do cal o presidente da conta do detalle da débeda así como da da previsión de pagos existente da mesma para o presente exercicio.

Punto Sétimo. Análise do borrador do anteproxecto de lei de racionalización e sostenibilidade da administración local.

Acordase unanimemente abrir un turno de intervención de todos/as os/as colexiados/as para



recibir suxerencias. O prazo será de 10 días e se porá a disposición dos colexiados/as o último borrador do anteproxecto da lei de racionalización e sostenibilidade de administración local do que se dispón.

Non obstante o anterior, por unanimidade se acorda estudar pormenorizadamente os aspectos do borrador que resultan máis salientables, concretamente os seguintes:

- non limitar as retribucións soamente aos habilitados en clara discriminación co resto dos empregados públicos.
- depender novamente da administración central do Estado e non das Comunidades Autónomas.
- os funcionarios/as de administración local con habilitación de carácter estatal deberán permanecer un mínimo de 2 anos no último posto obtido con carácter definitivo, para poder concursar, salvo o que o fagan a postos da mesma corporación
- limitación do número dos eventuais a nomear polos gobernos municipais.
- que non exista empregado/a local que cobre mais que un habilitado/a
- clarificar qué sucederá cos servizos impropios xa existentes.

E, non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e quince minutos, (19:15), pola Presidencia se levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, certifico

Visto e Prace
O presidente

A secretaria